

ANEXO III
2019/CP/018
CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN
AXUDA

Referencia: Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC (ED431E 2018/03).			
Título: Axuda para a mellora, creación, recoñecemento e estruturación de Agrupacións Estratéxicas do Sistema universitario de Galicia. Agrupación Estratéxica CICA-INIBIC.			
CENTRO: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA)			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica. Técnico/a de proxectos e innovación.			
LUGAR E HORARIO: Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Luns a venres de 7:45-15:15 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador asociado ☐		* Investigador en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico de apoio á investigación ☒		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico administrativo ☐		Axudante administrativo ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	
DURACIÓN	Ata o 31 de decembro de 2019	DATA APROX. DE INICIO	01/03/2019
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2.333,33€ brutos/mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 6100242804 541A 64902			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciado/a ou graduado/a
EXPERIENCIA: Experiencia demostrada en tarefas obxecto do contrato (Ver memoria da convocatoria)
REQUISITOS: Deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: enviar por correo electrónico a cica@udc.es
PAZO: 10 días desde a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

ÓRGANO: Jaime Rodríguez González (Coordinador do CICA), Jose Mahía Saavedra (Director Científico-Técnico da OTRI), Julia Fernández Valero (Técnica de xestión de I+D, promoción e visualización do CICA) e Sonia Martínez Varela (Técnica de xestión do CICA)
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: páxina web do CICA (https://cica.udc.es/)

A Coruña, 11 de xaneiro de 2019
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Jaime Rodríguez González

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG

Código Seguro De Verificación	ntw9iLmFrs2wGdnFhxwBqQ==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Jaime Rodríguez González		Asinado	11/01/2019 18:20:24
Observacións			Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ntw9iLmFrs2wGdnFhxwBqQ==			



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

A Agrupación Estratéxica (AE) CICA-INIBIC (nº expediente ED431E 2018/03) obtivo financiación mediante a axuda para Agrupacións Estratéxicas da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia en novembro de 2018.

A Agrupación é resultado da unión de 24 grupos de investigación procedentes do Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) (aúna a investigación en áreas de referencia internacional na Universidade da Coruña (UDC) como son a Bioloxía e a Química) e o Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC), (engloba a todos aqueles investigadores do ámbito básico, clínico, da saúde pública e de servizos de saúde do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, os centros de saúde desa área e da UDC).

Os grupos de investigación englobáanse en catro áreas: Biomedicina, Medio Ambiente, Novos Materiais e Biotecnoloxía.

A persoa seleccionada integrarase na Oficina de Xestión da Agrupación.

a) As tarefas máis importantes a realizar, entre outras, serán dar apoio e colaborar en:

- Dinamización da participación en proxectos UE e internacionais dos grupos da AE.
- Revisión de propostas de proxectos de I+D+i e axuda na procura de parceiros nos mesmos, especialmente europeos.
- Detección de proxectos innovadores e procura de financiamento.
- Realizar a identificación e seguimento de convocatorias de captación de financiamento público e privado. Elaboración de boletín de convocatorias de financiamento de proxectos, axudas para contratación de persoal, eventos de interese...
- Asistencia a eventos nacionais e internacionais.
- Apoio a labores de transferencia e colaboración con empresas (valorización de tecnoloxías, patentes, contratos artigo 83 con empresas, licenzas, acordos de confidencialidade...).
- Realizar a promoción de capacidades e da oferta tecnolóxica dos grupos da AE.
- Apoio na comercialización dos resultados dos grupos de investigación.
- Organización de xornadas de contacto con empresas dos sectores de interese da AE.
- Actualizar o portfolio de capacidades de I+D e oferta tecnolóxica da agrupación por sectores.

b) Duración do contrato

A duración será ata o 31 de decembro de 2019. Inclúese un período de proba de 3 meses.

Posibilidade de renovación.

c) Requisitos

- Persoa que posúa unha licenciatura ou grao, preferiblemente en titulacións de ciencias da saúde, científicas ou técnicas.
- Ter nivel alto de inglés, equivalente a C1.
- Experiencia en promoción e xestión de proxectos de I+D+i, principalmente europeos.
- Experiencia profesional en transferencia de tecnoloxía.
- Experiencia profesional en actividade comercial con empresas.
- Ter dispoñibilidade para viaxar.
- Capacidade proactiva e de traballo en equipo.

Valorarase ademais o coñecemento dos grupos de investigación da AE CICA-INIBIC e das súas liñas de investigación.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia D.N.I.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	ntw9iLmFrs2wGdnFhxwBqQ==		
Asinado Por	Jaime Rodríguez González	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ntw9iLmFrs2wGdnFhxwBqQ==		



d) Criterios e valoración de méritos
Táboa de valoración:

O curriculum vitae debe presentarse seguindo os mesmos epígrafes que figuran na seguinte táboa:

	CONCEPTO	PUNTUACIÓN	MÁXIMO
Titulación académica	Licenciado/a ou graduado/a en titulacións de ciencias da saúde, científicas ou técnicas	10 puntos	10 puntos
Experiencia en investigación	Grao de doutor	10 puntos	10 puntos
	Participación como investigador en proxectos de investigación	0,10 puntos x mes traballado	
Experiencia profesional en xestión de proxectos de I+D+i	Experiencia profesional en xestión, revisión e asesoramento de proxectos de I+D+i UE/internacionais	0,30 puntos x mes traballado	20 puntos
	Experiencia profesional en xestión, revisión e asesoramento de proxectos de I+D+i nacionais	0,10 puntos x mes traballado	5 puntos
Experiencia profesional en transferencia	Experiencia profesional en transferencia de tecnoloxía (valorización, patentes, contratos, licenzas...)	0,30 puntos x mes traballado	10 puntos
	Experiencia en actividade comercial con empresas	0,10 puntos x mes traballado	5 puntos
Formación	Asistencia acreditada a cursos sobre xestión de proxectos de I+D+i e transferencia de tecnoloxía	0,2 puntos x 10 horas	10 puntos
Coñecemento de idiomas (inglés)	Aos candidatos con maior puntuación nos apartados anteriores realizaráselles unha proba oral en inglés para avaliar o coñecemento do idioma sobre cuestións técnicas. Deberán ter un nivel equivalente a C1		10 puntos
Entrevista persoal	Entrevista persoal aos candidatos con maior puntuación nos apartados anteriores		20 puntos

NOTAS IMPORTANTES:

- Os curriculum vitae presentados noutro formato distinto ao aquí especificado poderán non ser valorados pola comisión de avaliación.
- Indicar no curriculum vitae, e no mesmo orden en que se valorarán os méritos (ver táboa de valoración), as tarefas realizadas en cada un dos postos de traballo, así como a duración das mesmas. Na formación indicar necesariamente o nº de horas, en caso de non indicarse non se valorará.
- En ningún caso se valorará o mesmo mérito en dous apartados diferentes.
- No caso de ser necesario poderá ser solicitada ás persoas aspirantes a documentación xustificativa de cada un dos méritos alegados no curriculum.
- Achegar certificado acreditativo do nivel de inglés no caso de ter un (non é excluínente).
- No caso de que ningunha persoa candidata teña una puntuación superior a 60 puntos, o posto poderá quedar deserto.

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia D.N.I.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG*

Código Seguro De Verificación	ntw9iLmFrs2wGdnFhxwBqQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Jaime Rodríguez González	Asinado	11/01/2019 18:20:24
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ntw9iLmFrs2wGdnFhxwBqQ==		

